



mocidade
compromiso
coherencia
pluralidade
participación
democracia
esquerda
independencia
feminismo
loita

PROPOSTA Militante

Nas seguintes liñas imos tentar convencerte de que esta candidatura representa o proxecto **máis coherente, combativo e transformador para Galiza Nova**.

POR QUE UNHA **PROPOSTA MILITANTE?**

A nosa é unha **proposta aberta ao conxunto das e dos integrantes de Galiza Nova**, desde coordenadas explicitamente anticapitalistas e soberanistas, que avoga polo **protagonismo absoluto da militancia** na vertebración dun movemento xuvenil galego, unha alternativa que respeta outras concepcións da organización, pero que aposta por rachar co institucionalismo, a ausencia de iniciativa política e de mobilización social, o verticalismo e o sectarismo dos tempos de hoxe. Porque a deriva da nosa organización non permite xa enfrontar coa firmeza necesaria as políticas españolizadoras de dereitas promovidas polos gobernos de PSOE e PP en Madrid e Compostela, con consecuencias palpábeis e dramáticas sobre a mocidade galega. Porque precisamos acumular forzas alí onde lle doa ao sistema: por abaixo e na esquerda, contra a dependencia e a colonización, pola independencia nacional.

O nacionalismo xuvenil non se atopa, hoxe por hoxe, á altura deste desafío: atópase **inoperante e sen leme ante os principais problemas da mocidade galega**, que olla para Galiza Nova como unha organización ausente.

construíndo o

ESTADO



GALEGO

GALIZA NOVA

Realmente, a organización estivo **secuestrada** durante estes dous anos e medio:

- O **pluralismo** foi barrido dos organismos nacionais, onde mesmo se agruparon cargos –despois completamente inoperativos- para deixar con menos responsabilidades aos sectores críticos, xa excluídos por completo da Comisión Permanente; predominaron os organismos executivos fronte aos colexiados, de xeito que os debates chegaron precociñados ás Direccións Nacionais; tamén as comarcas “non afíns” foron marxinaadas con maior ou menor intensidade segundo o caso.
- A **reflexión** ante a perda de apoio do nacionalismo entre a mocidade –debido a homologación deste- non apareceu nen sequera despois da catástrofe eleitoral.
- A **iniciativa política**, ante fenómenos como a crise do neoliberalismo, a implantación do Plano Boloña, as plataformas polo exterminio da nosa lingua, a destrución do ensino público, as agresións á natureza, os recortes en liberdades... foi inexistente.
- O **soberanismo** permanece gardado nunha gaveta á espera de tempos mellores –que mellor imaxe que un Festigal no que aínda non aparece nin un só símbolo nacional- e a **esquerda** dilúese nun vago interclasismo.
- O traballo en **feminismo** reduciuse á edición dun folleto sobre os 20 anos e a participación nun encontro internacional da Marcha Mundial en Vigo.
- Os **movimentos sociais** máis activos son observados desde a distancia, con recelo no mellor dos casos, e mesmo son considerados como inimigos en moitas ocasións.

Porén, nós sabemos que a **rebelión comeza desde abaixo**, a pesar do bloque hexemónico na dirección e non grazas a el. Vemos a organización rebelarse contra a lóxica do rebaño, axitarse un pouco por toda a parte, desde as comarcas e desde a base, a pesar da carencia de iniciativa da dirección; ollamos á militancia colaborar en amplos e diversos movementos sociais dunha pluralidade rica e fértil para o país, desde a loita operaria e a estudantil até a ecoloxista, cultural ou deportiva; comprobamos como ducias de mozas e mozos nacionalistas sinten cada inxustiza, no país e fora del, como propia, e organizanse para as combater; debatimos e discutimos entre nós sobre as posibilidades da rebelión na Galiza do século XXI e no mundo.

As e os militantes de Galiza Nova sabemos xa que **vale a pena loitar** para conquistar a liberación da nosa patria e deter a aqueles que viven á custa do noso traballo.

Galiza Nova só precisa que alguén rompa os ferrollos para poder desenvolver todas as nosas potencialidades, e á vez chegar ata máis mocidade galega. Con todo, anunciamos a nosa disposición a colaborar co conxunto da militancia, desde a base ata a dirección, sen practicar os sectarismos que tan custosos foron no pasado, e non para unha ou outra sensibilidade, senón para o conxunto da organización. Porén, pensamos que esta candidatura, promovida por militantes da organización Isca! e independentes de distintas comarcas e idades, é **a chave que precisamos**, e por iso reclamamos o teu apoio.



que defendemos?

un decálogo



1) Unha Galiza Nova **plural** e **profundamente democrática**: Apostamos pola integración das correntes organizadas, e en particular da militancia independente, en organismos democráticos, con predominio dos colexiados sobre os executivos, debates amplos e corresponsabilización.

2) Unha Galiza Nova **soberanista**: A actuación diaria non pode facernos perder o horizonte, senón que ten que incardinarse no obxectivo común do movemento nacionalista, a liberación nacional, concretada na formación dun Estado propio, sen concesións a integracións fraudulentas nun marco ilexítimo e inxusto.



3) Unha Galiza Nova **de esquerdas**: Galiza Nova debe converterse nun referente de esquerda transformadora que loite pola liberdade, a democracia, o progreso social e a paz, para facer fronte ao capitalismo e ao neoliberalismo, que converte ás persoas en medios de reprodución da miseria e a explotación á vez que destrúe a natureza. Debemos traballar ao lado do pobo galego e por unha nova sociedade.

4) Impulso ao **asociacionismo**: Defendemos o impulso e participación de ferramentas de autoorganización xuvenil das que moita da nosa militancia xa fai parte por todo o país, fundamentais para contribuir a tecer unha rede asociativa que, desde a base, cuestione os alicerces do actual sistema e afortale as nosas posturas transformadoras.



5) Unha **organización de masas**: debemos abordar os problemas reais da mocidade e actuar con incidencia real, sen conformarnos co xa conseguido, ampliando notabelmente a nosa base social, militante e simpatizante.

6) Defendemos **un feminismo combativo**, no que se incorporen as distintas aportación dos diversos modos de entendelo, posibilitando que a Asemblea de Mulleres sexa o espazo onde as mozas de Galiza Nova debaten e comparten as súas visións sobre o feminismo



7) Recuperar o **internacionalismo**, xa que a solidariedade cos pobos que loitan hoxe en todo o planeta polo dereito a existir con dignidade debe ser unha prioridade da nosa organización, que debe concienciar a mocidade galega da necesidade e importancia de apoiar os pobos que constrúen alternativas ao capitalismo, que resisten contra o imperialismo e a ocupación ou que loitan, coma nós, por se dotar dun Estado propio

8) Galiza Nova debe funcionar como **escola de formación** do nacionalismo xuvenil, e portanto debe potenciar o coñecemento das diferentes figuras, loitas e realidades ligadas ao soberanismo a á esquerda mundial, divulgar entre a militancia textos formativos, elaborar cadernos, realizar xornadas periódicas, sempre desde un modelo baseado no debate aberto entre a militancia e non apenas no adoctrinamento de arriba a abaixo.



9) Galiza Nova manterá a súa **autonomía** a respecto da fronte e modulará un discurso específico para dirixirse á mocidade, xa que, mantendo a lealdade co BNG, non teñen porque ser idénticos.

10) Sen renunciar ao avance nas institucións, útil e mesmo imprescindible, non debemos caer no **institucionalismo**, senón subordinar este campo de loita ao avance do proxecto político no seu conxunto, utilizándoo como tribuna de combate para a superación do sistema, e investindo as forzas de xeito prioritario na organización popular.



propostamilitante@gmail.com



juventud
compromiso
coherencia
pluralidad
participación
democracia
esquerda
independencia
feminismo
lucha

proposta militante